



Relatos recibidos no II Concurso de Microrrelatos Irmandiños no marco do Asalto ao Castelo 2026

1 Levaba o facho, aínda sen prender, agochado nas costas. Ao chegar ao castelo, sentiu o corpo papexar. Intermitentes calafríos de tensión freáronlle a vontade. Destruír non era construír futuro. Ensínáranlle a sementar vida e, alí, fronte aos muros, sentiuse profundamente miserable. Daquela, unha insospeitada enxurrada de bágoas afogou a Revolta.

2 O primeiro erro dos Moscoso foi desprezar a man que lles daba de comer. Crer que con mantelos co lombo dobrado na terra, non repararían na fartura do castelo. Mais afoutos, coa fouce coa que lles daban a vida, tamén lle la arrebatarán... naquela noite infinda, cos fachos a arder.

3 Din que o lume destrúe, pero ás veces só ilumina o que levaba séculos podrecendo ás escuras. Os pobos gardan memoria, aínda que cambien os escudos e se apaguen as brasas... Porque a inxustiza é leña seca e, cando se acumula de máis, ata a pedra acaba por arder.

4 Sobre a Cruz, ó loureiro, contemplou o val. Espetou os ollos na fortaleza, vestida de xibón, e levantou o voo. Xa non había sereas naquel foso seco e renxían as cadeas da ponte levadiza, queimada. O lobo do brasón chiscoulle un ollo. Baixo a Cruz quedaban moscas e sangue callado.

5 A fouce ergueita con orgullo na ensanguentada man do campesiño trala cruenta contenda, proxectaba unha profética sombra encol dos entullos do devastado castelo, namentres o Señor, vencido e agochado na negrura da mesta fraga, contemplaba con coita o seu estandarte arder baixo a tenue luz dos fachos.



6 Houbo un tempo escuro no que a fame e a inxustiza imperaban con liberdade no, noutrora magno, Reino de Galicia. Durante unha fría noite, cos fachos iluminando o ceo; coios, sachos e fouciños fixeron tremar os muros do castelo. Daquela, o señor feudal comprendeu que a historia mudaría para sempre.

7 Pum Pum
Sinto o chan vibrar. O meu corpo treme. A noite escura pálpase coma unha aperta xélida. O fouciño tan fortemente asido que fai sangrar os calos.

Pum Pum

Esperto co bater da fiestra. O profesor fala da Revolta Irmandiña.

Mírome as mans: lisas, sen engurras; sen vida.

8 Gachas o lume na última pota enteira, restos das herbas e raíces do asedio. Os nobres apertan e o clero o permite. Resistiremos ata que o lume deixe de quentar por dentro e por fora.

Poderán converternos en po pero os nosos actos prevaleceran os séculos. Lume!!

9 Conseguir que aparecesse toda a vila foi a primeira vitoria, e a máis difícil. Revolvíase o bandullo pensando no que lles ía pedir:

—Só vexo dous camiños: seguir escravizados ata desaparecer entre murmurios e escuridade, ou acender os fachos e que o noso berro sexa eterno.